

# Tarifa de comisiones, condicións e gastos repercutibles a clientes

En vigor desde 10.11.2022

## EPÍGRAFE 12 SERVICIOS DE BANCA ELECTRÓNICA E TELEFÓNICA

ESPECIFICACIÓN	VALOR	OBSERVACIÓN
<b>1. SERVICIOS DE CONEXIÓN ELECTRÓNICA</b>		
1.1. BBVA net:	Exenta	(Véxanse as notas 1, 2 e 3)
1.2. BBVA Empresas:		(Véxase a nota 4)
1.2.1. Comisión de apertura	75 euros	Por unha única vez
1.2.2. Mantemento	60 euros/mes	Por empresa
1.3. BBVA Empresas:		(Véxase a nota 5)
1.3.1. Comisión de apertura	800 euros	Por unha única vez
1.3.2. Mantemento	45 euros/mes	
1.4. BBVA Infopayments	18 euros/mes	(Véxase a nota 6)
<b>2. CANLES DIRECTAS</b>		
2.1. EDITRAN:		(Véxase a nota 7)
2.1.1. Implantación da conexión	700 euros	Por unha única vez
2.1.2. Cota de consumo e utilización	300 euros/mes	
2.2. SWIFT		
2.1.1. Conexión FIN		(Véxase a nota 8)
2.2.1.1. Implantación de conexión e servizos	100 euros	Por unha única vez
2.2.1.2. Cota de mantemento	700 euros/mes	
2.1.2. Conexión Fileact		(Véxase a nota 9)
2.2.2.1. Implantación de conexión e servizos	1.000 euros	Por unha única vez
2.2.2.2. Cota de mantemento	1.000 euros/mes	
2.3. HOST 2 HOST		(Véxase a nota 10)
2.3.1. Implantación de conexión e servizos	1.000 euros	Por unha única vez

<b>2.3.2. Cota de mantemento</b>	1.000 euros/mes	
<b>2.4. CANLE API</b>		(Véxase a nota 11)
<b>2.4.1. Implantación de conexión</b>	1000 euros	Por unha única vez
<b>2.4.2. Cota de mantemento</b>	1000 euros/mes	
<b>3. REUTERS</b>		(Véxase a nota 12)
<b>3.1. Gasto repercutible por cota de conexión, utilización e visualización da información facilitada.</b>	24,04 euros/mes	
<b>4. CANLE BBVA</b>	24,04 euros/mes	(Véxase a nota 13)
<b>5. DE COMPRAS BBVA</b>	Exenta	(Véxase a nota 14)
<b>6. DATÁFONO / INTERNET</b>	Exenta	(Véxase a nota 15)
<b>7. SERVIZOS DE MOBIPAY</b>		(Véxase a nota 16)
<b>7.1 Comercios: Facturación servizos</b>		
■ Comisión ou desconto	Segundo contrato	(Véxase a nota 17)
<b>7.2 Usuarios do servizo</b>		
■ Comisións xerais do servizo:		
■ Cota xeral do servizo	1 euro/mes	Cobramento trimestral
■ Por cada operación de compra, consulta ou servizo	0,90 euros	(Véxase a nota 18)
<b>8. SERVIZOS DE IDENTIFICACIÓN DIXITAL BBVA</b>		
<b>8.1- Servizo de subscrición</b>		(Véxase a nota 19)
■ Comisión de apertura	100 euros	
■ Comisión de mantemento mensual por cada certificado	30 euros	
■ Comisión por emisión e renovación de cada certificado	30 euros	
■ Gastos de equipamento (por cada lector).	150 euros	
<b>8.2 Servizo de verificación</b>		(Véxase a nota 20)
■ Comisión de apertura	100 euros	
■ Comisión de mantemento mensual	50 euros	
■ Comisión de administración (por cada validación)	1 euro	
<b>9. SERVIZO DE ALERTAS AO MÓBIL (vía SMS)</b>		(Véxase a nota 21)
■ Cota anual do servizo	12 euros	Cobramento semestral
■ Por cada mensaxe enviada	0,15 euros	
<b>10. SERVIZO DE BOLSA DIRECTA</b>		
■ Cota anual do servizo	300 euros	Cobramento anual (véxase a nota 22)
<b>11. SERVIZO DE DISPOSICIÓN DE EFECTIVO SEN SOPORTE</b>		

<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Pola emisión e xestión de cada clave de seguridade facilitada ao cliente</li> </ul>	1 euro	(véxase a nota 23)
<b>12. SERVIZO DE FACTURA ELECTRÓNICA</b>		(véxase a nota 24)
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Alta do servizo</li> </ul>	150 euros	Por unha única vez
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Cota mensual de mantemento</li> </ul>	15 euros	Cobramento mensual
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Emisión electrónica de facturas</li> </ul>	0,20 euros	Por factura
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Recepción de facturas electrónicas</li> </ul>	0,20 euros	Por factura
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Arquivo</li> </ul>	0,10 euros	Por factura e ano
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Emisión de factura en papel</li> </ul>	0,80 euros	Por factura
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Dixitalización</li> </ul>	0,60 euros	Por factura (véxase a nota 25)
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Validación de certificados</li> </ul>	0,10 euros	Por cada validación (véxase a nota 26)

**NOTA 1** Estes servizos permitirán aos usuarios a obtención de información actualizada das súas posicións, así como a realización dunha ampla gama de operacións directamente desde o seu domicilio.

**NOTA 2** Servizo de banca en liña por Internet para persoas físicas

- Queda recollido no contrato da tarxeta coa que se accede
- Poderase realizar cambio nas condicións funcionais do servizo tras comunicalo cunha antelación de 15 días.

**NOTA 3** Inclúe a posibilidade do cliente de darse de alta nun servizo de acceso a Internet e correo electrónico.

**NOTA 4** BBVA Empresas é un produto de banca electrónica para empresas que permite aos seus usuarios a obtención de información actualizada das súas posicións, así como a realización dunha ampla gama de operacións de cobramentos e pagamentos nacionais e internacionais.

**NOTA 5** BBVA Pivot Net é un produto de banca electrónica para empresas que permite aos usuarios a conexión a nivel global. Ofrece unha única interface para que a empresa poida conectarse globalmente e operar localmente en cada país. Proporciona ferramentas globais avanzadas para mellorar a visibilidade e o control da tesouraría.

**NOTA 6** BBVA Infopayments constitúe un sistema de facturación e de información de xestión de transaccións de pagamento, a través de medios electrónicos establecidos polo banco, accesible vía Internet, para empresas e os seus provedores.

**NOTA 7** Plataforma de comunicación a través de cal é posible efectuar transmisións de datos, co fin de realizar distintos servizos de cobramentos, pagamentos e envío de información.

**NOTA 8** A conexión FIN abarca o intercambio de mensaxaría estándar de Swift: MT940 (extracto de movementos do día anterior), MT942 (extracto de movementos intradiarios), MT941 (saldos de contas), MT101 (orde de movemento de fondos sobre unha conta no banco receptor) etc. Percibirase, ademais, unha comisión pola implantación do proxecto Swift FIN, que se estudará caso por caso (o servizo de implantación engloba a parametrización da conectividade cliente-banco, os servizos de consultoría de formatos de ficheiros e a realización de probas nos contornos de test e produción, en cada un dos países en que sexa necesario).

**NOTA 9** A conexión FILEACT é utilizada para enviar ficheiros de información acordados entre o banco e o cliente, por exemplo cargos SEPA, AEB43, etc. Percibirase, ademais, unha comisión pola implantación do proxecto Swift Fileact, que se estudará caso por caso (o servizo de implantación engloba a parametrización da conectividade cliente-banco, os servizos de consultoría de formatos de ficheiros e a realización de probas nos contornos de test e produción, en cada un dos países

en que sexa necesario).

- NOTA 10** A conexión H2H é un tipo de interconexión directa entre os aplicativos do BBVA e os do cliente. As modalidades ofrecidas son: FTPS, SFTP, HTTPS, Web services e AS2. Percibirase, ademais, unha comisión pola implantación do proxecto H2H que se estudará caso por caso (o servizo de implantación engloba a parametrización da conectividade cliente-banco, os servizos de consultoría de formatos de ficheiros e a realización de probas nos contornos de test e produción, en cada un dos países en que sexa necesario).
- NOTA 11** A conexión API é unha interface a disposición dos clientes que permite acceder e utilizar contidos ou servizos que estean dispoñibles.
- NOTA 12** Este servizo de intermediación entre Reuters e o destinatario final contempla:
- Visualización de prezos de instrumentos financeiros domésticos para o investidor persoal.
  - Visualización histórica gráfica da evolución destes prezos.
  - Visualización de noticias no idioma doméstico e un complemento de noticias internacionais.
  - Ferramenta de xestión de carteira persoal.
  - Así mesmo, este servizo está integrado nas funcionalidades proporcionadas por BBVAnet Plus.
- NOTA 13** Servizo ao que poden acceder os usuarios das plataformas de televisión dixital satélite. Realízanse operacións coas mesmas claves de seguridade de BBVAnet e baixo as mesmas condicións contractuais de BBVAnet.
- NOTA 14** Servizo de conexión a tenda virtual para empresas comercios e localización do logotipo da tenda nun centro comercial virtual en Internet.
- NOTA 15** Software especial para ordenador persoal que facilita a operativa do datáfono con conexión sobre redes tipo Internet. En caso de o cliente precisar equipamento, (módems, etc.) facilitarase co correspondente cargo do subministrador, que deberá aboar o cliente.
- O cliente debe realizar un contrato de adquisición de tarxetas en comercio, sometido ás tarifas deste servizo.
- NOTA 16** Servizo de acceso a operacións bancarias a través de teléfono móbil GSM e con distintos protocolos (SMS, WAP, etc.).
- NOTA 17** Segundo o contrato de adhesión correspondente ao sistema de tarxetas ou outros sistemas telemáticos.
- NOTA 18** En operacións de compra inclúense tanto as presenciais como as que se fan por referencia. En consultas, as de saldo e últimos movementos. En operacións de servizo recóllese o cambio de NIP, configuración de idioma, configuración de medio de pagamento por omisión, configuración de SMS adicional e a consulta de carteira de medios de pagamento. Inclúese neste apartado calquera outra operativa que no futuro se incorpore a este produto.
- NOTA 19** Emisión de certificado de identificación dixital para a autenticación de comunicacións electrónicas do subscritor baseadas en sistemas de sinatura electrónica avanzada a través de tarxetas intelixentes (que funcionan con lectores) ou outros soportes.
- NOTA 20** Validación de certificados dixitais emitidos por entidade/s.
- NOTA 21** Servizo de comunicación do banco co cliente onde, a través de mensaxes SMS ao seu teléfono móbil, o banco o informa dos saldos, operacións e movementos dos produtos do cliente para os que previamente contratou este servizo. Tamén contempla o envío dunha SMS ao usuario autorizado da banca en liña, BBVA Net cash, para facilitar o proceso de autenticación de sinatura de operacións ou validación no circuíto de usuarios.
- NOTA 22** Servizo de comunicación do cliente co banco a través do conduto telefónico, mediante o cal pode ordenar operacións sobre valores e realizar consultas sobre elas.

**NOTA 23** Este servizo permite dispor de efectivo nos caixeiros automáticos sen soporte físico, mediante unhas claves de seguridade de uso único, que o cliente solicita previa identificación.

**NOTA 24** Este servizo permite xestionar as facturas electrónicas: emisión, almacenaxe, estado e validez destas.

**NOTA 25** Factura Integral BBVA ofrece un modelo completo para a xestión electrónica de facturas. Un cliente receptor que contrate o servizo irá migrando pouco e pouco de papel a formato electrónico. Polo tanto, este cliente recibirá parte das facturas de forma electrónica e parte en papel. Para darmos unha solución integral ao cliente, ofrecémoslle a dixitalización certificada deses documentos para a súa conservación, con pleno valor fiscal e legal, en soporte electrónico. A solución pasa por escanear e converter as facturas nun ficheiro, para o que utilizamos un software homologado pola AEAT. Do mesmo modo que ocorre coas facturas electrónicas, o cliente poderá visualizar e recuperar as facturas dixitalizadas de forma rápida, e poderá integralas nos sistemas de xestión internos do cliente, para a súa contabilización e pagamento.

**NOTA 26** Custo de comprobación co prestador de servizos de certificación de que o certificado de sinatura electrónica expedido por ese prestador, utilizada na emisión dunha factura electrónica, está en vigor.

**NOTA FINAL** Calquera cambio que se produza nas comisións, gastos repercutibles e xuros destes recollidos nesta EPÍGRAFE será comunicado previa e individualmente aos clientes afectados cunha antelación de polo menos 15 días á data de entrada en vigor.